

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2014. NÚM. 10/2014.-

Asistentes:

PRESIDENTE: D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.).

CONCELLEIROS:

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.).
D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO (P.P.).
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.).
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (P.P.).
D^a. M^a PILAR LÓPEZ CARRÓN (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ (P.P.).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (P.P.).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA (P.P.).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ (P.P.).
D^a. MARÍA EVA GONZÁLEZ BREA (P.P.).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY (P.P.).
D^a. SARA FERNÁNDEZ ARCA (P.P.).
D^a. MARÍA ALVAREZ PAZ (P.P.).
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdeG-PSOE).
D. JOSÉ ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. JOSEFA MARINA FERREIRO RODRÍGUEZ (PSdeG-PSOE).
D. FRANCISO PÉREZ DONSIÓN (PSdeG-PSOE).
D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO (BNG).
D. CAMILO CONDE LÓPEZ (PGD).

SECRETARIO XERAL: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA XERAL: D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Non asiste: D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ (BNG).

INDICE:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, Nº 9/2014 de 28 de xullo.....	páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....	páx. 3
3.- Informes de morosidade correspondentes ao segundo trimestre (Concello e Padroado).....	páx. 3
4.- Expediente de modificación de créditos Núm. 8-P/2014. Suplemento de Crédito.....	páx. 4
5.- Expediente de revisión de oficio de acto nulo de pleno dereito.....	páx. 6
6.- Mocións do PP.	
6.1. Moción do PP en relación á reparación do vial da Rolda Leste.....	páx. 7
6.2. Moción do PP en relación á elección directa de Alcaldes.....	páx. 10
7.- Mocións do PSdeG-PSOE.	
7.1.- Moción do PSdeG-PSOE en relación á elección directa de Alcaldes.....	páx. 14
7.2.- Moción do PSdeG-PSOE en relación ás Bases reguladoras do programa de transporte universitario.....	páx. 14
7.3.- Moción do PSdeG-PSOE solicitando a comparecencia do Sr. Alcalde para explicar os investimentos nunha sala das dependencias do Concello.....	páx. 15
8.- Mocións do PGD.	
8.1.- Moción do PGD en relación á modificación da Lei Electoral.....	páx. 17
8.2.- Moción do PGD sobre a revisión de oficio do IBI das parcelas urbanas non edificadas.....	páx. 18
9.- Expediente de modificación de créditos núm. 9-P/2014. Suplemento de Crédito. Tramitado por urxencia	páx. 19
10.- Rogos e preguntas.....	páx. 20

=====

Sendo as dez horas do **día 4 de setembro de 2014**, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

Non asiste o concelleiro do BNG, *D. José Luis Sucasas Fernández*.

A todos os asistentes se lles entregou a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas* e como Interventora Xeral *D^a. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 9/2014 DO 28 DE XULLO DE 2014-

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta nº 9/2014 da sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2014. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta nº 9/2014 da sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2014, ordenándose a súa transcripción ó Libro de Actas.

2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

3.- INFORMES DE MOROSIDADE CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE (CONCELLO E PADROADO).-

A Presidencia deu conta dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao primeiro trimestre de 2014. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 1 de setembro de 2014, na que esta quedou enterada.

Polo grupo de goberno, ***D. Manuel Gómez Estévez***, concelleiro delegado de Facenda, explicou o seu contido. Sinalou que este era o segundo informe que viña a sesión e tratábase de continuar co que dicía a normativa vixente: dar conta e facer os trámites previstos.

Xa que logo, o **Pleno da Corporación**:

Primeiro.- Tomou coñecemento dos informes de morosidade do Concello de Lalín e do Padroado Cultural de Lalín correspondentes ao segundo trimestre de 2014 emitidos pola Tesourería Municipal.

Segundo.- En cumprimento da normativa vixente acordou seguir as actuacións e dar publicidade na web municipal do informe agregado da relación de facturas, continuando cos trámites previstos no informe de Tesourería.

4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 8-P/2014. SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 20 de agosto de 2014. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 1 de setembro de 2014.

O edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez**, explicou o contido do expediente. Afirmou que veu unha subvención para instalar un falso teito no edificio da Praza de Abastos e quería aprobar este expediente dotando de orzamento esta partida.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller**, sinalou que estaban a prol das obras que se ían facer na Praza de Abastos. Xa no seu día dixeron que estaba a favor de acondicionar este edificio.

Sobre a obra segunda, do Centro Social en Goiás, tamén estaban a favor, se ben coidaban que había que mellorar e acondicionar os demais centros sociais das demais parroquias e non soamente este.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén estaba a favor das obras. Vían correctas estas propostas.

Sobre as obras no Centro Social de Goiás tamén sinalou que estaban a favor das obras e tamén de que desde o Concello se promovesen en coordinación coas Asociacións de Veciños as actividades culturais na zona rural.

Polo PDG **D. Camilo Conde López** dixo non estar en contra, se ben estaba a favor de que non soamente se fixeran obras de mellorar, senón que de que tamén se vixiase e se controlase o uso das mesmas, xa que había bandas que cometían roubos na zona rural.

Desde o grupo de goberno, **D. Xosé Crespo Iglesias, Alcalde-Presidente**, indicou que en Goiás había dúas asociacións de veciños e sobre todo un pedáneo que se movía moito: un pedáneo preocupado. Recoñeceu que xa entraron varias veces no centro social e leváronse cousas. Isto tamén pasou en Vilatuxe: roubaron e pilláronos. A maior parte dos centros non sufriron roubos. Algúns como o de Cercio era que o que máis funcionaba; en Soutolongo había clases de zumba e charlas aos gandeiros. Pero sucedía que a factura eléctrica subía moito. Para evitar isto, quería copiar do modelo empregado en Cercio: instalar unha estufa de pellets grande.

De novo **D. Camilo Conde López** indicou que no local de Sello entraron e levaron cousas.

Rematou o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**. Afirmou que se facía todo o posible

para evitar os roubos. Mesmo nalgúns centros sociais os veciños levaban o televisor, e cando acababan de ver os espazos ou programas, collíano e levábano para a casa.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, aprobouse o expediente e a proposta da Alcaldía de data 20 de agosto de 2014, do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 8-P/2014, a financiar mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria polo importe da achega municipal necesaria para a **Instalación do falso teito da Praza de Abastos de Lalín**, obra para a cal foi concedida pola Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia unha subvención ao abeiro da Orde do 12 de marzo de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións a concellos de Galicia para a mellora de mercados municipais e prazas de abastos. O importe da axuda concedida pola citada Consellería ascende a 8.939,18 € (75% do investimento), polo que a achega municipal se cifra en 2.979,73 €, sendo necesario xustificar o a realización do investimento neste exercicio, antes do 31 de outubro de 2014.

Á vista da documentación achegada no expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación de crédito, núm. 8-P/2014, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
431.1.632.13	Mercados. Instalación do falso teito da Praza de Abastos de Lalín	2.979,73

TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2.979.73 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
211.160.00	Pensións. Seguridade Social	2.979,73 €

TOTAL BAIXAS 2.979,73 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

5.- EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE OFICIO DE ACTO NULO DE PLENO DEREITO.

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía de data 1 de setembro. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 1 de setembro de 2014.

O *Sr. Secretario* procedeu a explicar o expediente. Sinalou que no ano 1997 un funcionario municipal solicitou a declaración de compatibilidade para o exercicio privado da súa profesión. O Concello non contestou. A raíz da denuncia dunha empresa en relación cun expediente, o Concello iniciou un expediente para determinar as condicións da posible compatibilidade e solicitou un ditame ao Consello Consultivo de Galicia. Emitido este indícase o camiño a proceder, sinalando que debe procederse á revisión do posible acto presunto, considerando que de existir, sería nulo de pleno dereito. Isto era o que se trataría de acordar agora.

Polo PSdeG-PSOE, *D. Manuel María González Aller*, indicou que en todo caso o que amosaba o expediente foi que houbo unha deixación de funcións, xa que ao non contestar durante todo este tempo fixo posible que se exercera unha actividade privada durante dezasete anos. A solicitude do dito funcionario non especificaba as funcións a facer, os horarios e o goberno limitouse a deixar facer. Como dixo o *Sr. Secretario* tivo que vir unha empresa para o que o Concello se puxese a traballar. Houbo negligencia do grupo de goberno.

Desde o BNG, *D. Xesús Cordeiro Budiño* tamén estaba de acordo coa proposta. Houbo unha irregularidade nese expediente. Indicou que a actuación do goberno municipal foi tarde, e non debeu limitarse a deixar correr o tempo. Agora o expediente estaba na Fiscalía e a xustiza debía pronunciarse. Estaban de acordo, fose cal fose a resolución, en que se tramitase o expediente que correspondera, se ben o o Concello debeu actuar antes e non deixar isto en mans da fiscalía. Coidaba que había responsabilidades graves xa que o expediente levou a que agora teña que declarase nulo de pleno dereito o acto administrativo presunto.

Polo PGD, *D. Camilo Conde López* manifestou que estaba favor da proposta. Entendía que había responsabilidades dalgunha clase porque a actuación municipal foi tarde, e agora o que tocaba era aplicar as normas vixentes.

Desde o grupo de goberno, *D. Xosé Crespo Iglesias* salientou que o Concello sempre entendía que non tiña concedida a compatibilidade e agora tras os trámites oportunos procedía

de acordo cos informes obtidos adoptar este acordo.

Por alusións **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez**, edil socialista, indicou que á vista do expediente parece que sí tiña concedida a compatibilidade por silencio administrativo, e por iso agora se anulaba o dito acto presunto. Non era de recibo que o Concello permitirse durante tanto tempo esta situación e que agora a persoa afectaba “se fose de rositas”.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, aprobouse a proposta da Alcaldía de data 1 de setembro de 2014, do seguinte tenor:

Tramitado en tempo e forma o expediente para a declaración de oficio da nulidade de pleno dereito do acto administrativo presunto de recoñecemento de compatibilidade do enxeñeiro técnico de obras públicas, *D. José Varela Calvo* solicitouse o preceptivo ditame ao Consello Consultivo de Galicia.

Con data de 1 de xullo de 2014 recibíuse o devandito ditame que se ten por reproducido na presente proposta no que se argumenta que:

(...)

“Danse os condicionantes que habilitan á Administración ex lege, para o exercicio da potestade de revisión de oficio dos seus actos nulos de pleno dereito, sendo o noso parecer conforme co da proposta de resolución cando propugna a revisión de oficio do acto administrativo controvertido”.

Concluindo que: **“informa favorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire”.**

Xa que logo, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Declarar a nulidade de pleno dereito do acto administrativo presunto de recoñecemento de compatibilidade ao funcionario D. José Varela Calvo, para o exercicio de actividade privada por conta propia, derivado da solicitude formulada mediante escrito de 8 de xaneiro de 1997 (RXE núm. 45), por estar comprendido no suposto contemplado no artigo 62.1 f) LRXAP-PAC.

6.- MOCIÓNS DO PP.-

6.1.- MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN Á REPARACIÓN DO VIAL DA ROLDA LESTE.

A Presidencia deu conta desta moción de data 23 de agosto de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4928. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento e Planificación Territorial do día 1 de setembro de 2014.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González**, voceiro, defendeu a proposta

sinalando a importancia desta vía de comunicación que permite o tráfico de vehículos sen ter que pasar polo centro de Lalín, e que conecta varias estradas estatais e autonómicas. Deu datos da cooperación que houbo coa Xunta de Galicia e de todo o proceso que se seguiu para sacala adiante, algo xa coñecido por todos, así como dos problemas que houbo na execución desta obra. Destacou que no presuposto inicial sobrou unha parte importante a consecuencia da baixa da licitación, que non se aproveitou para rematala mellor.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** coincidía en que había urxencia para realizar as obras de mantemento, a mesma que había cando a Xunta de Galicia a acometeu. O Concello debía asumir que tiña que mantela e conservala, o que habitualmente se facía coas novas vías. Non obstante, o abandono das infraestruturas era a tónica do goberno municipal. Coidaba que dentro duns anos todo seguiría igual. Non confiaban en que se fixera a obra. Aínda así, votarían a favor.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** anticipou o seu voto favorable á moción. Todo o que veña para Lalín era benvido. Non obstante o dito, non compartía o que se dicía na exposición de motivos da moción, xa que non se facía fincapé en que administración foi a que construíu esta obra da rolda leste.

A realidade era que hoxe esta vía estaba moi deteriorada e que era necesario acometer o antes posible o arranxo da mesma.

Polo PDG **D. Camilo Conde López** estaba a favor da moción. Coidaba que pola configuración ou pola súa execución a Rolda Leste presentaba defectos. Posiblemente as obras non se fixeron ben. A isto había que engadir a falta de conservación da mesma. Os técnicos deberon estar máis atentos e vixiar con máis coidado esta obra como responsables da mesma e non dar simplemente o visto bo.

O Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias**, explicou desde o inicio o problema desta obra. Sinalou que o terreo elixido para a Rolda Leste esixía facer un desmonte, complicado por contar con *terra barrante*, ao que se aplicou un firme normal no proxecto. A isto había que engadir que había varios cauces de augas que se recollían con redes pluviais e mesmo algún ía ás redes fecais.

A compactación da terra barrante debeu ser distinta da que se aplicou nesta obra. Cando comezou a execución da obra, el mesmo preguntou aos técnicos da mesma se aguantaría o dito firme; estes técnicos dixerónlle que sí.

Feita a obra, a Consellería pasou o vial ao Concello, tendo en conta que esta Entidade conseguiu os terreos para a vía. Recibiuse a obra a pesar de que entendía que había vicios ocultos na mesma. Así o manifestou aos técnicos. Non lle fixeron caso.

A situación a día de hoxe era a que había. Os traballos de reparación que se fixeron non deron resultado, porque había que picar e poñer outra compactación diferente. Para acometer isto era partidario de facer un convenio a tres bandas: o Concello, a Xunta de Galicia e o Mº de Fomento.

O estado real desta vía era un problema; pero non se trataba de crear outro ao intentar solucionalo, senón de corrixir o mesmo. Había que ter en conta que esta vía conectaba varias estradas do Estado e da Xunta de Galicia e da Deputación Provincial. Era pois básica para Lalín.

Lembrou que fixo xestións cando estivo gobernando o goberno bipartito, pero agora había que afrontar o problema e solucionalo.

Rematou o debate **D. Manuel María González Aller**, matizando que as relacións e as negociacións do Sr. Alcalde eran distintas cando se negociaba cun goberno que con outro na Xunta de Galicia, e esperaba que agora se obteñan fondos e se solucione o problema.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo catorce (14) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, **aproboouse a moción** do seguinte tenor:

A Rolda Leste é un vial, de 3,8 quilómetros de lonxitude, que circunvala Lalín que está composto pola suma doutros tres viais SG-V2, SG-V3 e SG-V5, cuxo último tramo foi inaugurado e posto en servizo en agosto de 2008. Construído como eixo vertebrador de áreas dispersas, serve como circunvalación do casco urbano lalinense e como eixo viario de conexión entre 2 estradas nacionais (N-525 e N-640), 1 autonómica (PO-553, Lalín-Alto do Faro) e outras dúas provinciais (EP-6008 Lalín-Vila de Cruces e EP-6009 Lalín-Brántega).

A construción deste vial levouse a cabo en dúas fases:

1ª Fase: SG-V3 (entre a estrada do Rodo e Lalín de Arriba). Inaugurada en setembro de 2003, construíuse con fondos achegados por convenio do Concello de Lalín coa firma Centro Comercial Deza e cos terreos aportados por cesións obrigatorias e gratúitas dos plans de desenvolvemento dos centros comerciais Deza e Sinergias Dezanais.

2ª Fase: SG-V5, tramos 1 e 2 (dende As Queimadas á estrada do Rodo) foi inaugurado no ano 2007, e SG-V2 (desde PO-533 a Alto do Vales en Feás) foi inaugurado en 2008.

Xestión:

- a. Sinatura do convenio entre o conselleiro de Política Territorial, *D. Alberto Núñez Feijóo*, e o Alcalde de Lalín, *D. Xosé Crespo Iglesias*, en abril 2005. O Concello aporta os terreos e a Xunta de Galicia licitará a obra civil cun montante de 2,3 millóns de euros.
- b. Modificación Puntual nº 6 do PXOM de Lalín, con aprobación definitiva en xuño do 2006, para modificar parte do trazado no entorno de García Sánchez a fin de non afectar ao soto que pasa a ser espazo público.
- c. Redacción por parte da Xunta de Galicia, sendo Director Xeral de Estradas, Agustín Hernández, do Proxecto de execución do vial.
- d. Licitación mediante resolución en setembro de 2005 (07/09/2005) da Xunta de Galicia, sendo conselleira María José Caride Estévez, por importe de 2.186.003,21 €.
- e. Adxudicación mediante resolución en maio de 2006 (05/05/2006) da Xunta de Galicia da obra á empresa Taboada e Ramos por un montante de 1.683.245 €. O control e a dirección da obra civil levouna a cabo o departamento dirixido por María José Caride. Non se producen reformados nin modificados do proxecto. Liquidación en certificación final de 142.314 euros.

A condición deste vial circunvalatorio de nexo de comunicación entre vías con alta densidade de tráfico como as estradas nacionais, a estrada autonómica e as provinciais provoca que a densidade de tráfico sexa moi alta, sendo ademais moi importante a cantidade de vehículos pesados e de gran tonelaxe que o transitan para conectarse dende o sur de Lugo

e o surleste de A Coruña cos viais de alta capacidade e as nacionais que dan acceso ás provincias de Pontevedra e Lugo e ás conexións coa Meseta.

Esta densidade importante de tráfico, especialmente o pesado, provocou un rápido deterioro do vial nalgúns tramos que presentan un nivel de esgotamento e desgaste moi superior ao agardable en pouco máis de seis anos noutros viais municipais e mesmo de carácter autonómico. Tráfico que se suma a vicios construtivos dos que se alertou no seu día aos responsables técnicos e políticos da obra, da Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Transporte sen que se acometesen accións para a súa corrección.

Uns defectos construtivos, atribuíbles en boa parte á redución orzamentaria que experimentou a construción do vial dende que foi proxectado ata a súa adxudicación cifrado en 500.000 euros, e un importante tráfico pesado que en zonas do SG-V2 se traduciron en importantes gretas e buracos que obrigan a unha intervención para reparar a plataforma e colocar un novo firme de rodaxe. Un deterioro que, se ben é máis acusado na zona antedita, se estenden á práctica totalidade dos 4 quilómetros de viais que en maior ou menor grao necesitan dunha acción de reparación.

Intervencións de reparación e reposicións do firme que, dado o carácter de eixo vertebrador de estradas nacionais, autonómicas e provinciais, competiría non só ao Concello de Lalín, que xa no seu momento fixo un importante esforzo aportando os terreos necesarios para a construción do vial, senón ás administracións supramunicipais cuxas estradas conecta este vial, beneficiando tanto aos tráfico provinciais como aos autonómicos.

En base ao anteriormente exposto, **o Pleno da corporación ACORDOU:**

Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras a que cofinancie a reparación e reposición do firme da Rolda Leste de Lalín dada a condición do mesmo de nexo conexión entre viais de carácter supramunicipal.

Sendo as 11:05 horas abandonou a sesión o concelleiro do PP D. Camilo González Bodaño, quedando con trece o grupo de goberno e con dezanove o número de asistentes á sesión.

6.2.- MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN Á ELECCIÓN DIRECTA DE ALCALDES.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 23 de agosto de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4927. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 1 de setembro de 2014.

O debate deste asunto xuntamente coas mocións do grupo socialista e do grupo do PGD fíxose neste punto da orde do día.

Polo grupo de goberno, o seu voceiro, **D. Román Rodríguez González**, indicou que diante desta proposta do grupo popular de efectuar unha reforma lexislativa sobre o réxime electoral xeral que afectaba a todos os concellos, o seu grupo defendía a idea base de que sexa Alcalde o que máis votos consiga.

Esta idea non era nova. No ano 2004 o goberno de *D. J.L. Rodríguez Zapatero* fixo unha proposta similar a esta no seu programa electoral e non se tramitou.

Doutra banda había que dicir que nos países do entorno europeo tamén existía este sistema,

aínda que era diferente e con moitas variantes.

O PP estaba aberto a negociar e ao diálogo: por exemplo non era o mesmo aceptar que sexa Alcalde o da lista que obteña o 41 % ca outra co 23 %, había que fixar un número mínimo.

Tamén cumpría establecer un diferencial entre a candidatura que obteña máis votos en relación coa seguintes o seguintes do 7, 5,10 ou de máis.

Finalmente era necesario estudar se había unha ou dúas voltas nas eleccións.

Por parte da oposición dicíase que non hai tempo agora; pero a realidade é que si o hai. Non valía utilizar este argumento para non dialogar e non negociar. Hai tempo de sobra para facer isto. Pero nos atopamos coa cerrazón do PSOE e entendía que esta non era a postura ou non debía ser a postura deste partido.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller**, explicou a posición do seu grupo.

En primeiro lugar entendía que a linguaxe que se utilizaba tanto na moción coma na mensaxe do PP era falsa e non permitía entender a situación real. Había que dicir primeiramente que as listas electorais nas eleccións locais eran pechadas e bloqueadas e que non se permitía variar nada. Con elo o que resultaba era que coa proposta do PP primáranse as candidaturas que obteñan un 40 % da vontade popular e quitar llexitimidade a outros grupos que en conxunto sumen ou poidan ter máis dese corenta por cento.

Desde Europa non se aconsellou facer isto. Ademais se quería facer cando faltaba menos dun ano para as vindeiras eleccións; quedaban meses.

A proposta do PP era, pois, unha expresión da prepotencia coa que actuaba e buscaba conseguir unha maioría absoluta cando as urnas non lla dean.

Sobre a proposta do PSOE, a mesma recollía que se obteña un 51 % de votos e na primeira ou segunda volta, e abandonar o sistema de listas pechadas e bloqueadas. Era completamente distinta da do PP. Ademais esta estaba fora de tempo e non se podía confundir unha proposta coa outra.

Agora entendía que non había que modificar a lei, e que unha vez pasadas as eleccións se podía falar do tema. A uns cantos meses das eleccións debía rexeitarse a idea. Por elo votarían en contra.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** rexeitaba a proposta de que fosen elixidos os Alcaldes das candidaturas mais votadas. Compartía polo tanto a filosofía do PSdeG-PSOE e a do PGD.

Dalgún xeito coa proposta tratábase de violentar o sistema democrático con listas pechadas e con premura de tempo. Isto non se fixo ata agora.

Lembrou que ningún goberno da administración, central tanto o de J.M. Aznar, o de Adolfo Suárez nin o de J.L. Rodríguez Zapatero fixeron unha proposta similar a esta e non se atreveron nin sequera a facer unha declaración de intencións.

Preguntouse: Se sae adiante esta norma: *¿cal será a vindeira lei que se reforme?*

Hoxe todos os concelleiros forman parte do goberno e hai varios mecanismos de control, coa moción de censura, a cuestión de confianza, o sistema de mocións, rogos e preguntas. Romper con este sistema para implantar o que se di, supón queren instalar un novo sistema autoritario e teledirixido. Finalmente avogou por rexeitar a proposta do PP e manter a lei actual.

Polo PDG **D. Camilo Conde López** indicou que estaba en contra da reforma electoral que propuña o PP. Lembrou que o sistema actual foi froito do diálogo, da negociación e aprobada cun amplo consenso maioritario.

Diante da actual situación, entendía que había que realizar avances na mellora da democracia, e non aprobar medidas coma esta que supuñan unha marcha atrás. Había que primar o

diálogo a negociación e sobre todo o consenso entre todas as forzas políticas. Eles tiñan xa presentada unha moción rexeitando esta nova reforma anunciada.

De novo **D. Román Rodríguez González** indicou que co 51 % se tiña a maioría absoluta; pero isto non impedía que tamén en casos concretos cun 40 % de votos se teña a maioría absoluta e que con menos tamén. Pode suceder o mesmo.

O problema estaba na falta de vontade de diálogo e de negociación dalgúns partidos. O seu partido estaba aberto a ver as contías, o diferencial e outros temas. Había moitas posibilidades e situacións difíciles que se podían dar. Desde logo a cerrazón non era unha postura seria.

Doutra banda aínda faltaban máis de oito meses para as eleccións locais e había tempo dabondo tanto para dialogar, negociar e para aprobar a lei.

De novo **D. Manuel María González Aller** volveu ratificarse no xa dito anteriormente. Estaba en contra da proposta de que fose elixido alcalde o da lista máis votada. A reforma, se saía adiante, faríase ao seu antoxo e contra a opinión do resto de grupos políticos. Finalmente lembrou que **D. Mariano Rajoy** pronunciou unhas palabras nestes anos de atrás, no sentido de que a reforma electoral de propoñerse, a sacaría adiante con negociacións e con consenso. Agora se esquecían destas afirmacións.

Polo BNG **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén reafirmouse no xa dito anteriormente. A maiores engadiu que non observaba que houbera ningún clamor popular para facer esta reforma da lei electoral cando quedaban oito meses para as eleccións. O PP ía só, sen consenso. Para que se facía a lei?: Para sacar réditos electorais.

De todas formas indicou que ao haberen no sistema electoral actual listas pechadas e bloqueadas había unha evidente carga ideolóxica na proposta, porque sempre mandaría o partido e en última instancia este expresaba unha ideoloxía determinada.

De novo **D. Camilo Conde López** pediu ao PP tranquilidade e calma neste tema e sobre todo, sensatez. Entendía que se podía falar de mellorar a lei, pero non para dar un retroceso na mesma, senón para avanzar na democratización e lexitimidade. Estaba aberto a que se faga con consenso de todos.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** afirmou que a nova proposta de reforma melloraría a situación actual e daría solucións a situacións nas administracións non desexables. Eles estaban abertos ao diálogo e para elo, aínda había tempo.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) do PP.

Votos en contra: seis (6), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, un (1) do concelleiro do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Abstencións: unha (1) do PP (D. Camilo González Bodaño e por imperativo do ROF).

Xa que logo, APROBOUSE a moción do seguinte tenor:

O artigo 140 da Constitución establece que:

“La Constitución garantiza la autonomía de los municipios. Estos disfrutarán de personalidad jurídica plena. Su gobierno y administración les corresponde a sus respectivos ayuntamientos, integrados por los alcaldes y concejales. Los concejales serán elegidos por los

vecinos del municipio mediante sufragio universal, igual, libre, directo y secreto, en la forma establecida por la ley. Los alcaldes serán elegidos por los concejales o por los vecinos. La ley regulará las condiciones en las que procede el régimen del concejo abierto”.

É dicir, a Constitución contempla a posibilidade de que os alcaldes sexan elixidos directamente polos veciños. É máis, en 1978 o goberno de *D. Adolfo Suárez* presentou un proxecto de lei de Eleccións Locais que prevía a **designación automática como alcalde do cabeza de lista da candidatura máis votada**. Polo tanto, non só establecía un sistema de elección directa, senón que a lista que contara cun maior respaldo cidadán debía asumir a responsabilidade do goberno municipal.

Aínda que a previsión normativa non resultou aprobada, o certo é que en varios países do noso entorno, como sucede en Francia ou Portugal, se contempla a designación como alcalde da persoa que encabece a lista máis votada.

Así mesmo durante o actual período constitucional houbo varias propostas programáticas de reforma do marco electoral municipal. Así en 1998 o grupo parlamentario socialista plantexou unha proposición de lei orgánica que tiña por obxecto modificar a elección dos alcaldes.

Na exposición de motivos da referida norma dicíase: *“En definitiva, las razones que justifican la elección directa del alcalde por todos los electores son de naturaleza política, es decir, son razones fundadas en la búsqueda de una mejor gobernabilidad, de una mayor identificación del alcalde con los electores y, en fin, de un reforzamiento del Ayuntamiento como institución destinada a proporcionar servicios a los ciudadanos”.*

Esta iniciativa do Grupo Parlamentario socialista propuña cambios substanciais que afectaban á elección directa do alcalde como o establecemento dunha prima electoral para o grupo político do alcalde gañador ou unha segunda volta. Sen embargo, cando o Congreso dos Deputados foi disolto esta iniciativa lexislativa caducou.

Máis adiante, no programa electoral co que o PSOE concorreu ás Eleccións Xerais de 2004, este partido volveu propoñer a elección directa. De feito, esta foi a proposta estrela feita ao comezo da redacción do *Libro Branco para a reforma do réxime local*, como tantas outras do goberno do *Sr. Rodríguez Zapatero*, foi incumprida.

Por outra banda, no programa electoral co que o PP concorreu ás eleccións xerais de 2011, e nas que contou cun notable apoio cidadán, xa se dicía: ***“Promoveremos la reforma del sistema electoral municipal para respetar la voluntad mayoritaria de los vecinos garantizando, al mismo tiempo, la estabilidad de los ayuntamientos”.***

Cumpre unha reforma electoral que permita aos cidadáns elixir directamente ao alcalde, personificando máis a súa elección e permitir que a máxima responsabilidade municipal recaia sobre o cabeza de lista da candidatura máis votada.

Polo tanto, desde este grupo municipal considérase que debe reforzarse a lexitimidade popular e representativa dos alcaldes, facilitando a gobernabilidade, garantindo a estabilidade durante o mandato electoral e posibilitando o cumprimento do programa electoral proposto aos cidadáns.

En base ao anteriormente exposto, **o Pleno da corporación ACORDOU:**

Manifestar a vontade da Corporación Municipal de Lalín de que se adopten as modificacións legais oportunas que garantan o respecto á vontade maioritaria dos cidadáns e a estabilidade do Concello de tal modo que o cabeza da lista máis votada nas eleccións locais sexa elixido alcalde.

7.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE.-

7.1.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN Á ELECCIÓN DIRECTA DE ALCALDES.

A Presidencia deu conta desta moción de data 28 de agosto de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4991. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 1 de setembro de 2014.

O debate e votación desta moción realizouse conxuntamente no punto 6.2. Moción do PP en relación á elección directa de Alcaldes.

Na moción pedíase: Rexeitar a modificación da LOREG que propón o PP para elixir directamente aos Alcaldes e Alcaldesas.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, un (1) do concelleiro do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra: trece (13) do PP.

Abstencións: Ningunha.

Xa que logo, rexeitouse a moción.

7.2.- MOCIÓNS DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN COAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE TRANSPORTE UNIVERSITARIO.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 29 de agosto de 2014 e rexistro de entrada do 1 de setembro co número 5093. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 1 de setembro de 2014.

Polo PSdeG-PSOE, **D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** explicou o contido da moción. Indicou que, tal e como fixeron outros anos, presentaban a moción porque as bases que regulaban o programa de Transporte universitario excluían a unha serie de alumnos e estudantes que cursaban estudos como eran os dos Ciclos Formativos de Grao Superior de FP, ou o Grao Superior de Artes Plásticas e Deseño. Os estudantes destas especialidades non estaban incluídos nas mesmas e non podían acollerse ás axudas municipais. Elo supuña unha discriminación clara. Por isto se presentaba a moción, para corrixilo. Explicou que, dada a premura de tempo e á vista de que o expediente xa estaba en curso, pedían a ampliación do prazo de presentación de solicitudes.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que apoiaba a moción.

Polo PDG **D. Camilo Conde López** tamén adiantou o seu voto afirmativo.

Polo grupo de goberno, **D^a. Paz Pérez Asorey**, delegada de servizos sociais, explicou que a política do Concello era acoller e dar axudas a todos os estudantes. Neste acaso aceptaban a petición recollida na moción. Agora o procedemento a seguir sería esperar a que rematase este prazo inicial aberto e logo aprobaranse outras bases dando un novo prazo para que poidan acollerse os estudantes destas especialidades que se indicaban na moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, e unha (1) abstención do PP, **aproboouse a moción** do seguinte tenor:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do pasado 11 de agosto, aprobaba as **bases reguladoras do programa de transporte universitario e do proceso de concesión das bonificacións para uso do mesmo durante o curso académico 2014-2015**.

Á marxe das contías das axudas que son bastante escasas, os concelleiros que subscriben e o seu Grupo Político comparte basicamente a filosofía desas bases, pero atopan unha clara discriminación á hora de determinar os seus beneficiarios que non comparte en absoluto. A Educación Superior en España non so engloba as ensinanzas universitarias e as ensinanzas artísticas superiores, se non tamén a todas aquelas que conducen ó título de Técnico Superior (Ciclos formativos de grao superior de Formación Profesional, Grao Superior de Artes Plásticas e Deseño, e Técnico Deportivo de Grao Superior).

Todas estas ensinanzas (agás exclusivamente algún ciclo formativo de grao superior de F.P.) non existen, como é lóxico, en Lalín, e o alumnado que queira seguirlas, ten que desprazarse necesariamente fóra do pobo, exactamente igual co alumnado que vai facer unha carreira universitaria ou de ensinanzas artísticas superiores, pero en cambio, coas bases actuais que regulan o transporte universitario, non poden optar ás axudas para o transporte. Por elo resultan, como dicíamos, claramente discriminados e sen ningunha razón que o xustifique.

A urxencia da moción ven dada polo feito de que o prazo para a presentación de solicitudes remata o próximo 6 de setembro.

Por todo o exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU**:

1º.- Modificar as bases reguladoras do **Programa de Transporte Universitario** e do proceso de concesión das bonificacións para o curso académico 2014-2015 (en concreto da base SEXTA punto 3) unha vez que remate o prazo actual de presentación de solicitudes, para que poidan optar ás axudas de transporte no presente curso todo aquel alumno que vaia a cursar por primeira vez un Ciclo Formativo de Grao Superior de Formación Profesional, de Grao Superior de Artes Plásticas e Deseño ou de Técnico Deportivo de Grao Superior.

2º.- Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes co tempo suficiente para que coas modificacións que se introduzan no sentido antes exposto, estes novos beneficiarios poidan presentar as súas solicitudes en tempo e forma.

7.3.- MOCIÓNS DO PSDEG-PSOE NA QUE SOLICITAN A COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE PARA EXPLICAR OS INVESTIMENTOS NUNHA SALA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 28 de agosto de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4992. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 1 de setembro de 2014.

Polo PSdeG-PSOE, **D. Manuel María González Aller** explicou o contido da mesma. Dixo que se viron sorprendidos cando viron que uns oitocentos cincuenta mil euros irían para este investimento, tendo en conta que o Pazo de Liñares xa contaba para elo cun programa e con dotación máis que suficiente.

Agora resultaba que a maiores un espazo de máis de trescentos metros cadrados do edificio do Concello se rehabilitaría para destinalo a actividades complementarias ou directamente relacionadas cos castros e coas instalacións do Pazo de Liñares.

Salientou que lle chocaba que antes desde o goberno se afirmase que non había cartos para nada, e agora en cambio aparecía este importe para estas obras. Coidaba que estaba fora de lugar este investimento.

Para coñecer todos os datos, pedían que o Sr. Alcalde comparecese e dese as explicacións correspondentes.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén salientou que lle parecía excesivo o gasto indicado, tendo en conta que xa no Pazo de Liñares había instalacións para divulgar a cultura castrexa. Non o entendía, pero estaba a favor de que comparecese o Sr. Alcalde e explicase isto.

Polo PDG **D. Camilo Conde López** vía positivo que o Sr. Alcalde comparecese para aclarar e dar datos.

Dende o grupo de goberno o Sr. Alcalde-Presidente, **D. Xosé Crespo Iglesias** manifestou que estaba encantado en comparecer. A razón deste investimento estaba en que non se podía dedicar mais espazo no Pazo de Liñares á cultura castrexa.

Coidaba que esta instalación, o Pazo de Liñares e o Museo Provincial debían estar unidas funcionalmente, e así os visitantes terían acudir aos tres centros para ter un coñecemento completo da materia obxecto das mesmas. Comparecería.

Sobre o importe da subvención sinalou que estas viñan, dentro do programa Depodeza, para uns fins determinados. Este era un obxectivo subvencionable, e os cartos ou se dedicaban a iso ou se devolvían.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, e unha (1) abstención do PP, **aprobase a moción** do seguinte tenor:

Dende a Alcaldía e dende a Deputación Provincial anunciouse un proxecto para a realización dun Museo Virtual dos Castros en dependencias do edificio do Concello de Lalín.

O proxecto tras as informacións publicadas e a recente licitación terá un custe aproximado de 850 mil euros que sairán das arcas públicas e un 70 % deses fondos son FEDER que a UE dedica para o desenvolvemento rural integrado no Proxecto Depodeza.

Ese proxecto que tiña como fins o inventario da cultura castrexa, a súa posta en valor, a dinamización do sector agroalimentario, a mellora da calidade agroalimentaria, a creación

dun GIS turístico-cultural-gastronómico, a creación dun modelo de potenciación da comercialización e dun sistema de difusión leva consumido unha inxente cantidade de recursos públicos sen que a cidadanía poida percibir que eses cartos públicos teñan sido ben utilizados, senón máis ben existe unha ampla percepción de despilfarro.

Os cidadáns non entenden como se poden gastar eses cartos nun museo virtual que se vai facer nunhas dependencias xa construídas como tampouco entenden que se poidan gastar centos de miles de euros no coñecido como proxecto do “Porco Lalaíno”.

Sendo os epígrafes aos que se poden dedicar os investimentos de Depodeza moi amplos e nos que collería case calquera investimento, chama a atención como se poden destinar eses fondos, que pagamos entre todos os cidadáns sexan de Lalín ou de outros lugares, a cuestións que hoxe en día non semellan prioritarias.

Por outra banda compre dicir que ao abeiro deste Proxecto Depodeza anunciáronse un aumento do Turismo en douscentos cincuenta mil visitantes como anunciou o Sr. Alcalde nunha rolda de Prensa en novembro de 2011.

Por todo o anteriormente exposto, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

A comparecencia no próximo Pleno do Sr. Alcalde para explicar con detalle os investimentos de oitocentos cincuenta mil euros que se van investir nunha sala de apenas 300 m2 nas dependencias do Concello de Lalín.

8.- MOCIÓNS DO PGD.-

8.1.- MOCIÓN DO PGD EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DA LEI ELECTORAL.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 27 de agosto de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4988. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 1 de setembro de 2014.

O debate e votación desta moción realizouse conxuntamente no punto 6.2. Moción do PP en relación á elección directa de Alcaldes.

Na moción pedíase:

Instar ao pleno do Concello de Lalín a apoiar sen fisuras as manifestacións do Excelentísimo Presidente do Goberno de España, D. Mariano Rajoy Brey, en febreiro de 2013, nas que aseguraba que: "Todos los sistemas electorales son opinables y discutibles, y por supuesto que se puede modificar la ley electoral española, pero lo más importante -ha precisado- es que cualquier modificación se haga con un gran consenso". "Yo nunca modificaré la ley electoral por mayoría"

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (6), sendo catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE, un (1) do concelleiro do BNG e un (1) do concelleiro do PGD.

Votos en contra:trece (13) do PP.

Abstencións: Ningunha.

Xa que logo, rexeitouse a moción.

8.2.- MOCIÓN DO PGD SOBRE A REVISIÓN DE OFICIO DO IBI DAS PARCELAS URBANAS NON EDIFICADAS.-

A Presidencia deu conta desta moción de data 27 de agosto de 2014 e rexistro de entrada do mesmo día co número 4989. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 1 de setembro de 2014.

Na defensa da moción **D. Camilo Conde López**, do PGD, explicou o contido da mesma. Había unha sentenza que afectaba a terreos en Extremadura que viña a dicir que cando os terreos non estean urbanizados ou carezan de proxectos de urbanización ou de planeamento non poden ser considerados a efectos tributarios como urbanos e pagar o IBI como esta clase de solo, senón que había que poñelos como rústicos e facer novas liquidacións. Deste xeito os donos das fincas pagarían o que lles correspondería e non máis.

Polo PSdeG-PSOE **D. Manuel María González Aller**, estaba de acordo e coidaba que había que facer unha petición expresa para levalo a cabo.

Desde o BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** estaba de acordo coa moción.

Polo grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** coidaba que en principio non había moitos afectados en Lalín polo alcance da dita sentenza. Unicamente podía incidir en terreos do Polígono Lalín 2000 da última ampliación e do SUE-2, Indicou que xa había unha proposición de lei, aprobada no Parlamento de Galicia, solicitando ao Ministerio de Facenda a harmonización da lexislación urbanística e do catastro para evitar situacións coma esta.

A lei do ano 2007 do Catastro só contemplaba o solo urbanizado e o solo rústico; sen embargo a normativa do catastro distingue entre solos urbanos, urbanizables e rústicos. Non era lóxico isto porque o solo urbanizable xeraba expectativas e valía máis co solo rústico.

Reteirou que no pasado mes de outubro se tramitou unha proposta elaborada e defendida por el mesmo no Parlamento de Galicia para abordar este asunto. Presentouse unha emenda do *Sr. Sánchez Bugallo* á proposta na que se pedía que a estes terreos se lles aplicase unha bonificación para compensar a aplicación que se facía. Esta emenda non saíu adiante porque non estaba contemplada na normativa vixente.

Coidaba que de todos os xeitos o Catastro xa estaba a traballar para evitar estas situacións.

Volveu incidir en que unicamente os donos de terreos do Polígono Lalín 2000 da última fase e o SUE-2 podían estar afectados.

Tamén podía haber algún problema cos solos urbanos non consolidados, extremo este discutible. Era unha disfunción o que había que corrixir. Propuxo ao grupo propoñente e ao resto que se acordase algo similar ao que se aprobou no Parlamento.

De novo **D. Camilo Conde López** entrevistou para pedir que se cumpra a sentenza e se estenda a aqueles casos similares. A maiores, engadiu que esta situación podía afectar a outros tributos como a plusvalía ou o de sucesións, etc,

De seguido **D. Manuel María González Aller** sinalou que se podían revisar os dous puntos da moción para dar entrada á proposta popular, metendo o contido que afectaba a Lalín.

Finalmente **D. Román Rodríguez González** volveu insistir en que só afectaría aos donos de terreos incluídos no SUE-2. De todos os xeitos o Concello xa deu a máxima prioridade e prestou a súa colaboración, informando e asesorando aos donos. Pero en todo caso facía falta un escrito individual. Volveu ofertar unha emenda transaccional ao grupo propoñente e ao resto de membros da corporación cos mesmos puntos do acordo do Parlamento de Galicia.

Sometida a votación ordinaria a moción e a emenda do grupo popular, estando de acordo o resto dos grupos e membros da Corporación, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, e unha (1) abstención do PP, **aproboouse a moción** do seguinte tenor:

Primeiro.- O Concello de Lalín solicita do Goberno de España a harmonización entre a lexislación estatal en material catastral e a lexislación urbanística na definición dos solos de natureza urbana e rústica.

Segundo.- O Concello de Lalín adoptará as medidas de información e colaboración necesarias cos propietarios de solos e terreos que poidan verse afectados pola recente sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2014 sobre esta materia.

9.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 9-P/2014. SUPLEMENTO DE CRÉDITOS.-

Dáse conta deste expediente tramitado de xeito urxente, e da proposta da Alcaldía de data 3 de setembro de 2014.

Este expediente foi debatido e votado xunto co punto Expediente de modificación de créditos Núm. 8-P/2014. Suplemento de Crédito.

Sometida a votación a urxencia do expediente, por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse a mesma, aceptando as razóns expostas polo edil delegado de facenda.

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de dezanove (19) concelleiros, sendo trece (13) do PP, catro (4) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG e un (1) do PGD, e unha (1) abstención do PP, **aproboouse o expediente** e a proposta da Alcaldía de data 3 de setembro de 2014 do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 9-P/2014, a financiar mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria polo importe da achega municipal necesaria para o **Equipamento do local social de Goiás para Aula Móbil de Informática**, investimento para o cal foi concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha subvención por importe de 13.501,12 € (95,50 % do investimento, excluído o IVE), polo que a achega municipal se cifra en 3.605,01 €, sendo necesario xustificar a realización do investimento neste exercicio antes do 31 de outubro de 2014.

Á vista da documentación que se achega, o **Pleno da Corporación ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 9/2014, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota de Suplemento de Crédito:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
334.626.03	Promoción Cultural. Equipamento local social de Goiás. Aula móbil de informática.	3.605,01 €

TOTAL ALTAS SUPLEMENTO DE CRÉDITO 3.605,01 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

A baixa de crédito das seguintes partidas do Presuposto vixente non comprometidas, cunhas dotacións que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
211.160.00	Pensións. Seguridade Social	3.605,01 €

TOTAL BAIXAS 3.605,01 €

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

10.- ROGOS E PREGUNTAS.-

10.1.- ROGOS.-

Presentados de xeito escrito.

PSdeG-PSOE.

ROGO.- O pasado 6 de agosto de 2014 a Consellería de Medio Ambiente presentou unha orde axudas para Concellos en Rede Natura para proxectos subvencionables ao 100 % dunha contía de 20 mil euros como máximo para cada Concello solicitante.

Ante a premura de tempo, polo remate do prazo de rexistro de solicitudes da Orde que remata o vindeiro 8 de setembro, o mesmo día que se celebra o Pleno de agosto, por parte deste Grupo Municipal, diante a imposibilidade de levar o asunto a Pleno, decídese presentar unha iniciativa que pretende unha actuación na Rede Natura de **O Candán** e que beneficiaría ás parroquias de Vilatuxe e Zobra.

A proposta concreta é a seguinte:

- Sinalizar e homologar de acordo coas normas internacionais de sendeirismo e na Federación Española de Montañismo os camiños que formaron parte do percorrido do **1º Trail nocturno de Vilatuxe** que discorría integramente por territorio lalinense.

Tendo en conta que é un roteiro moi visitado, se poderíanse aproveitar aqueles puntos como **O Ameixedo ou Portomartín** que xa están sinalizados.

- Coidado e mellora das pontes do traxecto, maleza que arrodea os muíños ou alvarizas, limpeza de percorrido e mantemento de regos que o atravesan.

Deste xeito o que se propón e activar dun xeito formal e mantido no tempo un recurso que Lalín posúe, pero que non está sendo correctamente explotado nin promocionado. A simple homologación como sendeiro, leva emparellada a recollida deste percorrido circular en todos os rexistros da Rede de Sendeiros Galega, Española e Europea, converténdose no mellor escaparate dos valores a Serra do Candán.

O Sr. Alcalde quedou enterado. Manifestou que esta zona estaba dentro da Rede Natura 2000 en mais do 80 % do seu territorio. Non era viable por este motivo, proque teñen prioridade outras zonas e á hora de puntuar quedaría fora.

Presentados de xeito verbal durante a sesión.

5.2.- PREGUNTAS.-

D. Francisco Pérez Donsión

PREGUNTA.- ¿Cal foi o aval que o Concello esixiu á empresa Gas Natural S.A. Para efectuar as acometidas de gas polas rúas de Lalín?

O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias**, afirmou que non coñecía ese dato, pero que o obtería. Non obstante confiaba en que a empresa deixase ben as rúas.

Explicou que, con esta nova rede que se estaba a instalar, Lalín sería dos poucos concellos que contaría con dúas redes de distribución de gas cidade: a de Gas Natural e a de Repsol S.A. Resultaba sorprendente pero era así. Buscaría a o dato e daríallo.

E, sendo as doce horas e corenta e catro minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace
O Alcalde-Presidente